Iain Crichton Smith

Aprendede dos lirios

Prefacio

Esta novela está ambientada na época dos desaloxos das Terras Altas escocesas, que tiveron lugar entre 1792 e a década de 1850, de maneira especial, aínda que non exclusiva, en Sutherland. O que ocorreu foi que se lles expropiou a terra aos pequenos agricultores e se lles dixo que terían que trasladarse á costa, onde se pretendía que no futuro gañasen a vida coa pesca, actividade da que poucos deles sabían ren. O proceso de desaloxo levouse a cabo con grande inhumanidade, e o nome que máis se relaciona con el é o de Patrick Sellar, administrador da duquesa de Sutherland. As terras expropiadas destináronse ao pastoreo de ovellas, unha actividade máis rendible para os terratenentes que o arrendamento aos parceiros. Aqueles que estean interesados nos antecedentes históricos poden consultar obras como *The Trial of Patrick Sellar*, de Ian Grimble, e *The Highland Clearances*, de John Prebble.

Con todo, esta non é unha novela histórica, xa que non estou capacitado para realizar un estudo histórico dese período. É máis ben o estudo ficticio dunha persoa, unha anciá que está a ser desaloxada, e preséntanse outros personaxes a medida que interactúan con ela. Existiu unha persoa chamada Donald Macleod (un dos personaxes da novela), que era canteiro e produciu escritos nos que atacaba os poderes da súa época. Fíxeno ateo, malia non haber probas de que o fose. Parece que foi un home admirable, moi preocupado polos seus paisanos e desexoso de facerse oír e contar a verdade. Acabou exiliado no Canadá.

Debería dicir algo sobre o estilo, que é, supoño, bastante sinxelo e case transparente. A razón é que desexaba que os acontecementos se visen coma a través da mente da anciá. Podería abordar de varias formas o problema da lingua (xa que tanto a anciá coma a maioría dos personaxes falarían gaélico): creando unha lingua do estilo da que utilizou Synge, moi estilizada e, na miña opinión, artificial; ou empregando moitas expresións en gaélico para crear unha atmosfera pseudorrealista. E, se fose James Joyce, mesmo inventando unha lingua completamente nova. Por razóns obvias non puiden facer iso, así que, tras sopesar todo, decidín que o mellor sería empregar un inglés sinxelo. En calquera caso, a propia novela é unha versión ampliada e elaborada dunha obra de teatro en gaélico que escribín.

En esencia, esta é simplemente a historia dunha anciá que se enfronta ao desafiuzamento. De maneira indirecta pódese advertir unha forma de vida, pero non se documenta explicitamente. Encantaríame que á xente lle gustase pola historia en si.

Iain Crichton Smith

1

A señora Scott era unha anciá duns setenta anos. Estaba sentada nunha vella cadeira diante da súa cabana cando viu un xinete. Tratábase de Patrick Sellar, administrador do duque de Sutherland, que non sabía montar o seu cabalo moi ben, aínda que lle parecía que, dada a súa posición, debía ter un. Antes fora avogado, pero os cabalos non están afeitos a ese tipo de leis. Ademais, o cabalo era branco, un dos motivos polos que a anciá lle prestaba tanta atención.

Só era unha anciá sentada ao sol, observando como unhas galiñas escaravellaban na terra, e non pensaba en nada en concreto. Quizais soñaba, pois para unha anciá hai pouca diferenza entre a realidade e os soños. Podería estar soñando coa súa mocidade, co fillo que tiña no Canadá ou co marido, que fora soldado. Ou talvez observaba o cabalo sen soñar nin pensar, aínda que advertía vagamente que este apartaba a cabeza do seu xinete, coas ventas dilatadas. A anciá vestía de negro e tiña un aspecto moi fráxil.

Ela non sabía moito de cabalos e non sabía nada en absoluto de Patrick Sellar. Tampouco el sabía moito dela. Para el, ela era un obxecto refugable. Para ela, el era un descoñecido que debía tratar con hospitalidade malia ser vella.

Ao principio non o vía moi ben, porque a vista lle empezaba a fallar un pouco. O único que distinguía era que había un cabalo branco montado por un home. Conforme se achegaba, viu que levaba unha especie de uniforme

azul con botóns dourados, e que era baixo e gordo. Tardou moito en desmontar, porque o seu cabalo non parecía poñerllo fácil.

Ela dábase conta de que lle gustaba sentirse digno, malia ter os ollos pequenos e ardentes.

Cando o home baixou do cabalo, ela viu que levaba un látego. Quizais o usara co animal. O cabalo, no entanto, liberado da súa carga, estaba moi tranquilo, e comezou a mastigar herba con calma, aínda que de cando en vez levantaba a cabeza no aire.

O home achegouse ata onde ela estaba sentada.

Como a ela lle ensinaran a ser cortés e obediente cos seus superiores, púxose de pé. Non foi doado, pero conseguiuno. Sorprendeuna que el non lle dixese que sentase, xa que algúns dos seus superiores o facían. Algúns mesmo o dicían en serio, e mostraban unha especie de despreocupada cortesía, que este home non tiña.

–Bos días, señor –dixo ela.

Esperaba que el lle devolvese o saúdo, pero limitouse a ceibar un rosmido.

–Quere pasar, señor? –preguntou ela.

–Todo o que lle teño que dicir pódese dicir aquí –respondeu o home.

Pero, naturalmente, iso non podía ser. Non sería educado deixar un descoñecido fóra da casa.

Entrou e agardou a que el a seguise, cousa que fixo. Ao principio sentiuse un pouco aparvada ao entrar, xa que o cuarto estaba ás escuras e algo frío despois da calor do exterior. Sentou nunha das dúas cadeiras. Deuse de conta de que o descoñecido non quería sentar, pero indicoulle cun xesto que o fixese, de modo que el sentou no banco, que estaba preto da porta. El non deixaba de bater co látego no banco e, aínda que iso a irritaba, non lle pediu que parase.

No fin de contas, era un invitado na súa casa. Agardou en silencio, coas mans cruzadas, a que el empezase a falar, fitando a reixa da cheminea baleira.

–Supoño que xa sabe por que estou aquí –comezou el.

E entón ela tivo unha revelación. Quizais viñera pola súa pensión. O seu marido morrera na guerra nun lugar chamado España[1] e, agora que o pensaba, el unha vez falárallе dun home cun cabalo branco.

–É pola pensión? –preguntou ela.

–Que pensión? –preguntou el.

–A pensión do meu home –dixo ela–. Dixeron que me ían dar unha pensión.

Tamén recibira unha carta do rei que lle lera o elder[2]. Estaba impresa nun papel moi elegante, que parecía moi importante. Un papel moi groso, con letras moi grandes. Era moi fermoso, e moi bonito e considerado que o rei tomase tales molestias, sobre todo tendo tantas cousas que facer. Enmarcara a carta e tíñaa colgada no outro cuarto, o único outro cuarto que había. Como el lle dixo que non estaba alí pola pensión, a súa mente comezou a divagar un pouco. Imaxinaba o seu marido morto nun campo estranxeiro. Levaba o uniforme que o duque de Sutherland lles dera aos seus homes, os voluntarios do seu rexemento. O seu marido sempre fora un aventureiro cun lado infantil.

–Voulle dicir para que vin –dixo o homiño gordo, batendo no banco co látego.

---

1 Durante a guerra da Independencia española (1808-1814) houbo tropas escocesas loitando contra a ocupación napoleónica. (Todas as notas son do tradutor.)

2 Na Igrexa de Escocia e noutras igrexas presbiterianas, un elder é un leigo elixido para colaborar na administración da congregación, dotado de certa autoridade e responsabilidades, como axudar no culto, visitar fregueses e decidir sobre asuntos da parroquia.

Ela levantou a vista: case se esquecera del. E de súpeto viu que os seus olliños ardentes eran os dun inimigo. Non podía entender por que era así. Estaba segura de que non o vira nunca na súa vida, e non entendía en que o ofendera.

–O señor quere un té? –dixo, aínda que iso significaba acender o lume, e ela estaba moi cansa.

–Non, non teño tempo para un té.

Ela non se preguntou por que non dixera «grazas» ou «tapadh leibh», xa que unhas veces o dicían e outras non. Dependía do humor que tivesen. De todos os xeitos, el non debía de saber gaélico.

Non lle gustaba especialmente o seu aspecto. Aquela cabeza non era das Terras Altas, xa que a tiña demasiado pesada, e a cara demasiado gorda e vermella, e os ollos pequenos e ardentes.

–Vinlle dicir –dixo– que ten que se ir da casa.

Cando dixo isto, ela estaba a mirarlle os beizos. Para ter unha cabeza tan pesada e unhas fazulas tan coloradas, os beizos eran moi finos. Por iso ao principio non entendeu o que dixera. Ademais, estaba distraída polo son que facía o látego con pomo de prata ao bater no banco.

Ao cabo dun intre, as palabras volvéronlle á mente.

–Vinlle dicir que ten que se ir da casa.

Naturalmente, as palabras non tiñan ningún sentido. Para que ía ter que se ir da casa?

Era ridículo dicir que tiña que se ir da casa. Non tiña ningún outro sitio ao que ir e, en calquera caso, non quería ir a ningún outro sitio. Quizais el non dixese en realidade esas palabras, pero, cando o mirou, estábaa ollando en fite, e os beizos tremíanlle de ira. Isto inquietouna e sorprendeuna, e quedou coa sensación de que fixera algo malo.

–É pola pensión? –preguntou, trémula–. É por mor da pensión polo que dixo vostede iso?